CSIF

Central Sindical Independiente y de Funcionarios

# Novas de Ensino




CSIF

2018

## ÍNDICE


1. FACENDA E SINDICATOS DANSE DE PRAZO ATA O 1 DE MARZO PARA ALCANZAR UN ACORDO SOBRE SOLDOS, EMPREGO PÚBLICO E CONDICIÓNS LABORAIS
2. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO PARA XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA, DE EDUCACIÓN PRIMARIA E DE EDUCACIÓN ESPECIAL
3. PUBLICACIÓN DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO DE TRASLADOS CATEDRÁTICOS, PES, PT, EOI, EAA E OA, CMUS, MESTRES, INSPECTORES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA E INSPECTORES DE EDUCACIÓN PARA O ANO 2018
4. BORRADOR RESOLUCIÓN COMUNICAEDU
5. RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓNS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, SDE DEBUXO TÉCNICO E DE PRODUTO
6. RESOLUCIÓN PARTICIPACIÓN NO "CONGRESO ESCOLAR ALIMÉNTATE BEN 2018"
7. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL QUE DEBERÁ XULGAR AS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR PARA O ANO 2018
8. ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS. LISTAXES DE SOLICITANTES. CONVOCATORIA 2018
9. OPOSICIÓNS 2018
10. FORMACIÓN

## 1. FACENDA E SINDICATOS DANSE DE PRAZO ATA O 1 DE MARZO PARA ALCANZAR UN ACORDO SOBRE SOLDOS, EMPREGO PÚBLICO E CONDICIÓNS LABORAIS

**FACENDA E SINDICATOS DANSE DE PRAZO ATA O 1 DE MARZO PARA ALCANZAR UN ACORDO SOBRE SOLDOS, EMPREGO PÚBLICO E CONDICIÓNS LABORÁIS**

**CSIF logra introducir na negociación a xornada de 35 horas e a eliminación dos descontos por baixa médica**

**A CSIF** e o resto de organizacións comezaron hoxe de maneira oficial as negociacións en materia de emprego público e salarios. Tal e como estaba previsto, sindicatos e Facenda establecen as negociacións sobre varios asuntos: retribucións, oferta de emprego público e por primeira vez, xa de maneira oficial, sobre a recuperación da xornada de 35 horas e eliminar os descontos por baixa médica, como reclamara CSIF.

O noso sindicato tamén puxo encima da mesa a necesidade de incluír fondos adicionais para a equiparación salarial da Administración Xeral do Estado. Facenda e sindicatos danse de prazo ata o 1 de marzo para alcanzar o acordo. Ata entón, desenvolveranse diferentes reunións sobre os citados asuntos. Facenda reclama este acordo, tendo en conta a súa situación de debilidade parlamentaria e a dificultade de sacar adiante uns Orzamentos Xerais para o próximo ano. En materia salarial, o Ministerio retoma a proposta realizada o pasado mes de setembro.

## 2. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO PARA CUBRIR PRAZAS DE XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA, DE EDUCACIÓN PRIMARIA E DE EDUCACIÓN ESPECIAL

ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO PARA CUBRIR PRAZAS DE XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA, DE EDUCACIÓN PRIMARIA E DE EDUCACIÓN ESPECIAL

De acordo co establecido na base décimo quinta da Orde do 3 de novembro de 2017 foi convocado concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería.Ç

Para poderá presentar **reclamacións** á resolución provisional no **prazo de 10 días naturais** contados desde o día seguinte ao da publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Igualmente, e no mesmo prazo, o persoal concursante poderá presentar **renuncia** a súa participación no concurso.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non facelo, poderían obter destino na resolución definitiva.

**O prazo para reclamacións e renuncias, é o comprendido entre o día 21 de febreiro e o 2 de marzo, ambos incluídos.**

As ditas reclamacións e renuncias presentaranse polos procedementos aos que alude a base sexta da orde, eremitiranse, ademais, por correo electrónico:

persoal.primaria@edu.xunta.es

De acordo coa base segunda, se a praza adxudicada é un centro de orientación compartido, poderá consultar se ten centros compartidos e/ou adscritos no Anexo II da Orde do 3 de novembro pola que se convoca concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación.

**Para máis información prema aquí:**

**3. PUBLICACIÓN DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO DE TRASLADOS PARA O PROFESORADO DOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS, PES, PT, EOI, EAA E OA, CMUS, MESTRES, INSPECTORES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA E INSPECTORES DE EDUCACIÓN PARA O ANO 2018**

**ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO DE TRASLADOS PARA O PROFESORADO DOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS, PES, PT, EOI, EAA E OA, CMUS, MESTRES, INSPECTORES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA E INSPECTORES DE EDUCACIÓN PARA O ANO 2018**

De acordo co establecido na base vixésimo novena da Orde do 24 de outubro de 2017 pola que se convoca concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao

servizo da Administración educativa e inspectores de educación (*Diario Oficial de Galicia* nº 210, do 6 de novembro), o persoal concursante poderá presentar **reclamacións** á resolución provisional no prazo de **10 días naturais** contados desde o día seguinte ao da publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Igualmente, e no mesmo prazo, o persoal concursante poderá presentar **renuncia** a súa participación no concurso.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non facelo, poderían obter destino na resolución definitiva.

**O prazo para reclamacións e renuncias, é o comprendido entre o día 21 de febreiro e o 2 de marzo, ambos incluídos.**

As ditas reclamacións e renuncias presentaranse polos procedementos aos que alude a base vixésimo segunda da orde e remitiranse ademais por correo electrónico a:

Primaria: correo electrónico persoal.primaria@edu.xunta.es.
Secundaria: correo electrónico persoal.secundaria@edu.xunta.es
Pode consultarse a adxudicación provisional na aplicación https://www.edu.xunta.es/cxt/ (Listaxe concurso > Listaxe de resolución)

**Para máis información prema aquí:**

## 4. BORRADOR RESOLUCIÓN COMUNICAEDU

**BORRADOR DA RESOLUCIÓN POLA QUE SE REGULA PARA O CURSO 2017/2018, O CONCURSO COMUNICATEDU PARA CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO**

Borrador da Resolución do ___ de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Educación Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula, para o curso 2017/18, o Concurso ComunicaTedu para centros públicos de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

**Para máis información prema aquí:**

## 5. RESOLUCIÓN DEFINITIVA DAS LISTAS DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓNS DE PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, ESPECIALIDADES DE DEBUXO TÉCNICO E DE DESEÑO DE PRODUTO

Resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, especialidades de Debuxo Técnico e de Deseño de Produto

**Para máis información Prema aquí.**

## 6. RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONVOCA A PARTICIPACIÓN NO "CONGRESO ESCOLAR ALIMÉNTATE BEN 2018" PARA CENTROS DOCENTES PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO

RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONVOCA A PARTICIPACIÓN NO "CONGRESO ESCOLAR ALIMÉNTATE BEN 2018" PARA CENTROS DOCENTES PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO

Aliméntate ben

Co obxectivo de visibilizar e poñer en valor os traballos dos centros participantes no programa Aliméntate ben, a Consellería presenta a Resolución do 22 de febreiro de 2018 da convocatoria do "Congreso escolar Aliméntate ben 2018". Este Congreso, que terá o vindeiro mes de maio, será un escaparate onde o alumnado poderá presentar os proxectos que se desenvolven nos seus centros dentro do programa Aliméntate ben para conseguir uns hábitos de vida saudables no que toca á nutrición.

As mellores experiencias seleccionadas para participar no Congreso optarán a un premio co que se quere recoñecer as boas prácticas que se están a dar dentro dun dos programas de maior atención por parte dos centros: outorgarase un premio á mellor experiencia desenvolvida no ámbito de infantil e primaria e outro para o ámbito de secundaria e formación profesional. Para favorecer a participación dos centros, a convocatoria prevé unha partida orzamentaria destinada a sufragar os custos do desprazamento.

- **O prazo de presentación das solicitudes será do 23 de febreiro ao 9 de marzo.**

**Centros destinatarios**: centros públicos participantes nalgunha das edicións do programa Aliméntate ben dentro do Plan Proxecta
**Modalidades de participación**: comunicación oral, comunicación póster, stand, obradoiro

**Data do Congreso**: 3 e 4 de maio de 2018

**Lugar de realización**: Palacio de Congresos (Santiago de Compostela)

Para obter máis información pódese consultar nos seguintes teléfonos:

881 997 598 (Mónica Baleirón)

881 997 096 (Carmen Baña)

881 997 498 (Carme López)

881 548 606 (Ana Martínez)

**Para máis información prema aquí:**

## 7. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL QUE DEBERÁ XULGAR AS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR PARA O ANO 2018

### COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL QUE DEBERÁ XULGAR AS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR PARA O ANO 2018

Resolución do 9 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se nomea e se fai pública a composición do tribunal que deberá xulgar as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional para o ano 2018.

Máis información:

- Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio
- Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

## 8. ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS. LISTAXES DE SOLICITANTES. CONVOCATORIA 2018

### ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS. LISTAXES DE SOLICITANTES. CONVOCATORIA 2018

Publicación das **listaxes de solicitantes** para participar no procedemento de acreditación de competencias profesionais da convocatoria 2018.
**O prazo para presentar emenda de documentación ou reclamación** será do mércores día 21 de febreiro ao venres día 2 de marzo de 2018, ambos os dous incluídos.

- Máis información

## 6. BOLSAS PROGRAMAS DE "RECUPERACIÓN E UTILIZACIÓN EDUCATIVA DE POBOS ABANDONADOS" E "CENTROS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

### PROGRAMAS DE "RECUPERACIÓN Y UTILIZACIÓN EDUCATIVA DE PUEBLOS ABANDONADOS" Y "CENTROS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL" . CONVOCATORIA DE BECAS.

BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

Extracto de la Resolución de 14 de febrero de 2018, de la Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades, por la que se convocan becas para participar en el programa nacional "Recuperación y Utilización Educativa de Pueblos Abandonados" durante el periodo lectivo de 2018.

- PDF (BOE-B-2018-10657 - 2 págs. - 173 KB)

- Otros formatos

Extracto de la Resolución de 14 de febrero de 2018, de la Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades, por la que se convocan becas para participar en el programa nacional "Centros de Educación Ambiental" durante el año 2018.

## 9. OPOSICIÓNS DOCENTES 2018

### OPOSICIÓNS DOCENTES 2018







CSIF, co fin de que poidas seguir as posibles convocatorias de oposicións en todas as comunidades autónomas, recolleu e actualizado toda a información nunha só ligazón localizado na parte superior da nosa páxina web.



**TEMÁRIOS VIXENTES**

**Para máis información prema aquí:**

## 10. FORMACIÓN

**Cursos ON-LINE Homologados por el Ministerio de Educación**

*Toda la información sobre los cursos homologados acogidos a convenio entre CSIF y el Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.*

**VALIDEZ:** Cursos válidos en todas las Comunidades Autónomas para **oposiciones, concursos de traslados, sexenios(menos en la Comunidad de Madrid e Islas Baleares) y bolsas de trabajo.**

**PARA LA COMUNIDAD DE MADRID E ISLAS BALEARES, ESTOS CURSOS NO SON VÁLIDOS PARA SEXENIOS.**

**DIRIGIDOS A: Profesores y personal especializado** de todos los niveles educativos, que trabajen o hayan trabajado alguna vez en **centros públicos, concertados y privados** en los que se impartan enseñanzas de régimen general o de régimen especial y en servicios técnicos de apoyo a los mismos

**A TENER EN CUENTA:** El MECD sólo certifica un curso on-line en las mismas fechas, por tanto no concede la homologación si se solapan varios.

**INSCRIPCIÓN Y MATRICULACIÓN:** LO PRIMERO DE TODO ES MATRICULARTE ON-LINE **DESDE AQUÍ**.

Una vez que te hayas registrado en la plataforma de CEPAL, tienes que hacer efectiva la matriculación al enviar por correo ordinario a la **Sede del** Sector Nacional de Educación CSIF la siguiente documentación:

1. **Ficha de participantes en Actividades en Formación Permanente** (ANEXO VI Documento adjunto al pie de página)
2. Documento acreditativo de trabajar o haber trabajado como docente (exigido por el Ministerio de Educación), siendo válidas una de las tres opciones siguientes:

· ***Fotocopia de la cabecera de la nómina donde conste categoría profesional.***
· Certificado del centro de trabajo como docente, firmado por el director o secretario del mismo.
· Certificado de vida laboral expedido por el Servicio de la Seguridad Social en el que conste el centro donde trabaja.

# DEFENDENDO O PÚBLICO





CSI•F Unión Provincial A Coruña
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.
15008 A Coruña
Tel. 981 134 113
Fax: 981 060 324
ense15@csi-f.es

CSI•F Unión Autonómica Galicia
Rúa do Valiño, 65 - baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140
ense77@csi-f.es

CSI•F Unión Provincial Lugo
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior
27003 Lugo
Tel. 982 250 169 982 254 859
Fax: 982 245 521
ense27@csi-f.es

CSI•F Unión Provincial Pontevedra
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan
36001 Pontevedra
Tel. 986 896 900
Fax: 986 896 901
ensino36@csi-f.es

CSI•F Unión Provincial Ourense
Rúa Progreso, 145 - Entre chan
32003 Ourense
Tel. 988 241 111
Fax: 988 213 538
ense32@csi-f.es


# NOVAS DE ENSINO

CSI·F Ensino